

# BENVIDOS AO CEIP PLURILINGÜE DE OCA



INFORMACIÓN  
PARA AS  
FAMILIAS DE  
EDUCACIÓN  
INFANTIL

# ¡BENVIDOS Á ESCOLA!



- ✓ A nosa intención ó facervos chegar este folleto é procurar achegarvos máis ó funcionamento da escola onde os vosos fillos-as comezan unha importante etapa da súa vida.
- ✓ O momento da entrada na escola ten moita importancia na evolución que terá o voso fillo-a, por iso é aconsellable que xuntos preparémolo para que transcorra da mellor maneira posible.

- ✓ Hai algunhas cousas que dende a casa debedes procurar e que vos contamos de seguido:
- ❖ En primeiro lugar é importante que saibades que os nenos e nenas **danse conta da actitude que teñen os seus pais** sobre o que a eles lle sucede (neste caso, a entrada na escola).
- ❖ É normal que poidades estar algo preocupados por cómo vivirá o voso fillo-a este primeiro contacto coa escola, pero debedes ter en conta que a escola é algo necesario para eles, e que na escola van pasalo moi ben.
- ❖ É convinte que vos vexan contentos de que veñan á escola.

- ❑ É importante que nos vaíamos coñecendo: as mestras de educación infantil necesitamos, para o noso traballo, coñecer algúns datos dos nosos alumnos-as que só os pais nos podedes dar, e vos seguro que tamén desexaredes coñecer en mans de quen ides deixar ós vosos fillos-as.

- ❑ Para iso teremos unha entrevista da que xa vos avisarémo-lo día e hora, na que teremos oportunidade de charlar sobre estes temas e sobre todo o que se vos ocorra.

- ❑ O primeiro día de clase debedes acompañar ó voso fillo-a á escola.

- ❑ Procurade vir tranquilos e preparade ó neno-a con calma. Non andedes ese día con apuros e carreiras.

- ❑ Pensade ademais que se non estades vós tranquilos será difícil que o estean eles.

- ❑ Cando chegue o momento da separación despedídevos del-a tranquilos.

- ❑ Tede en conta que para eles o peor non é chorar senón a angustia de non saber o que vai pasar.

❑ Ás veces ós nenos-as cando empezan na escola, gústalles traer algunha cousa da súa casa: un xoguete, un boneco ou calquera outra cousa que os faga sentir máis seguros nun ambiente pouco coñecido.

❑ Se o voso fillo-a quere traer algo da casa, deixádello traer.

❑ Debedes acostumar ós vosos fillos-as a uns certos hábitos persoais que lles facilitará á súa vida escolar e lle darán autonomía, tales como:

- Ir sós ó cuarto de baño e limparse despois de facelas súas necesidades, que non veñan con pañais á escola.
- Acostumádeos a comer de todo tipo de alimentos sólidos, non deberían seguir tomando biberón nin chupete.
- Acostumalos a manter unha limpeza de mans, que se laven sós, que vexan o importante de estar limpos e aseados.
- Que teñan unha certa soltura de movementos (baixar e subir escaleiras sen axuda,...)

## 2.- Horarios e calendario escolar

- HORARIO DE SETEMBRO A XUÑO

De luns a venres de

08:45h A 13:45h

- ❑ É importante que comprendades que para unha axeitada marcha escolar dos vossos fillos-as é necesaria unha asistencia regular á escola.
- ❑ Para iso é indispensable que o neno-a siga un horario de sono e comidas que non lle faga quedarse durmido polas mañáns ou acudir á escola sen almorzar.
- ❑ Así mesmo rogámosvos que cumprades os horarios de entradas e saídas marcados, co fin de non entorpecela marcha normal das clases.

### 3.- *En caso de enfermidade*

- Cremos que existen certas condicións nas que deberedes deixar ó neno-a na casa sen vir á escola:
- Sempre que teñan febre, decaemento xeral ou dor, pois nestes casos o pequeno-a non se sentirá ben dentro da aula e o máis probable é que o teñades que vir buscar.
- Se ten diarrea ou vómitos.
- Se ten unha enfermidade contaxiosa (varicela, ...)
- Se ten piollos, ata que llos eliminedes.



## 4.-Sobre a roupa

- ❑ Os nenos-as deben vir á escola con roupa cómoda (tipo chándal) que lles permita moverse con comodidade e acudir ó cuarto de baño por sí sós. Evitade, polo tanto, o uso de pantalóns de peto ou botóns difíciles de desabotoar e abotoar.
- ❑ Debedes de mandarlle canto antes o mandilón. Éste non é obrigatorio como uniforme, pero sí que o debe usar como roupa de traballo para evitar mancharse cando traballamos con ceras, pinturas de dedos, barro,...etc.
- ❑ Podedes mercar uo facelo mandilón da forma e cor que queirades, pero tendo en conta que:
  - ✓ Deben ser abotoados por diante.
  - ✓ Ter os puños de punto elástico ou goma.
  - ✓ Non deben ser moi longos (que non pasen abaixo dos xeonllos).
  - ✓ Ós mandilóns, igual que ós abrigos e chaquetas, téndeslle que poñer unha cinta para podelos colgar no percheiro con facilidade e sen que caian
  - ✓ Leva-lo nome do neno-a

## 5.- Sobre o material

- **É importante que** os nenos e nenas se afagan a compartir, polo que o material será común para tódolos nenos-as da aula.





## 6.- Saídas e excursións

- As saídas escolares teñen moita importancia dentro do noso traballo educativo, pois representan unha fonte de experiencias sobre o medio que rodea ó neno-a e unha fiestra a lugares que non coñecía.
- É importante que tódolos nenos-as asistan a estas saídas, pois xenéranse, antes e despois, moitas actividades na aula, tendo como base o visto e vivido nelas.



## 7.- Información sobre a escola

- As mestras de educación infantil pensamos que para un mellor funcionamento da nosa escola, a vosa colaboración e participación é fundamental. Para isto é necesario que esteades ben informados sobre a súa marcha mediante:
  - As reunións xerais: son reunións de tódolos pais e nais dos alumnos-as de educación infantil e serven para comentar a marcha xeral do curso.
  - As reunións de grupo-clase: son reunións cos pais/nais de cada nivel
  - As titorías: son entrevistas persoais que podedes ter ca mestra do voso fillo-a para coñecela súa evolución na escola. Estas entrevistas poden ser solicitadas pola mestra ou ben por vós sempre que vos pareza convinte. Para estas entrevistas hai un horario marcado no centro de Atención a Pais (que xa se vos comunicará en Setembro). Se é posible avisádenos con antelación, e se tedes algún problema para vir á hora e día indicados, dicídenolo e atenderémosvos noutro momento que poidamos.